



“Boas tardes, Maruxiña,  
vouche decir unha cousa  
si tu me queres a min  
eu non me caso con outra.”

“Que te quero ben o sabes,  
non fai falta preghuntar  
hai un ano que che dixen  
que eu me quería casar.”

“Dese mal ben sufro eu,  
meu amor, meu queridiño,  
non poido prender no sono  
pensando no teu cariño.”

“Pois ahora, Maruxiña,  
tranquila podes estar  
que se os teus pais ai nos deixan  
logo nos vamos casar.”

“Polo meu pai non hai cuidado  
pero o malo é miña nai  
que dixo que me mataba  
antes de deixarme casar.”

“Boas noites, miña soghra,  
vénoche a pedila filla  
si ma das séntome un pouco  
e si non márchome axiña.”

“A miña filla, Farruco,  
é moi nova pra casar,  
solo ten cuarenta anos  
e pódese destragar.”

“Alabado sea Dios!  
o que dice a miña sogra  
que vai destragala filla,  
xa non ten dentes nin moas.”